

# escénika

Cursos para profesionais das Artes Escénicas **Plan Formación permanente**

**Unha iniciativa da AGADIC realizada pola ESAD de Galicia**


*Coordinación: Nuria Montero Gullón e Roberto Pascual Rodriguez*

Continuamos con este programa de actividades unha liña de traballo orientada a potenciar a formación permanente dos traballadores e traballadoras das artes escénicas, ora daquelas persoas que se ocupan de traballos cunha dimensión expresiva ora dos que se ocupan dos aspectos técnicos ou de xestión. Deste xeito queremos incidir en todos os sectores que se ocupan do feito escénico.

Esta iniciativa que se desenvolve a pedido e co patrocinio da AGADIC, quere ser un chanzo fundamental na promoción da **Formación Permanente dos Profesionais das Artes Escénicas**. Queremos deseñar, propoñer e desenvolver proxectos que permitan afondar nesa dirección. Para iso cómpre que os traballadores e traballadoras das artes escénicas nos fagan chegar as súas propostas e suxestións para desenvolver medidas que garantan as mesmas posibilidades de actualización profesional que outros colectivos.

[www.esadgalicia.es](http://www.esadgalicia.es)

deseño: davídmontol



# escénika

Cursos para profesionais das Artes Escénicas **Plan Formación permanente**



### Solucitudes e Inscripción

Ata 15 días antes do inicio de cada curso

Para solicitar calquera curso deberase seguir o procedemento que se indica a continuación:

1.- Cubrir o impreso *Solicitud Inscripción Actividades ESAD* que encontrará na Secretaría da ESAD ou en [www.esadgalicia.es/secretariavirtual](http://www.esadgalicia.es/secretariavirtual)

2.- Enviar o impreso debidamente cumprimentado xunto ao curriculum vitae a:  
[escenika.formacion@esadgalicia.es](mailto:escenika.formacion@esadgalicia.es)  
ou **ESAD Galicia > Apdo. 2102 - 36208 Vigo (Pontevedra)**

As prazas adxudicaránse atendendo ao currículo profesional alegado na solicitude ou a criterios específicos realizados polos docentes de cada curso. Elaborarase unha quenda de espera para cubrir posibles vacantes. Esta información será comunicada individualmente mediante correo electrónico e na páxina web da ESAD:  
[www.esadgalicia.es](http://www.esadgalicia.es)

O custo de cada curso é de 50 €.

Unha vez notificada a aceptación de inscrición será necesario facer o aboamento das taxas na conta da ESAD, indicando o nome, documento de identidade e título do curso.

**Caixanova 2080 0016 13 0040023598**

### Manipulación de títeres.

Miguel Oyarzún e Carlos Piñero. El Chonchón.  
SANTIAGO DE COMPOSTELA (Arteria Noroeste).  
Do 26 ao 29 de maio · 20 horas · Horario: de 16h00 a 21h00. **20 prazas.**

Neste taller de títeres preténdense transmitir códigos de manipulación pertencentes á escola sudamericana -da técnica *guantística* en particular-, e ás linguaxes de animación de obxectos en xeral. Proporase sensibilizar a experiencia de *dar vida* aos bonecos, comprometendo o corpo humano dramaticamente e achegándose ao universo teórico dos monicreques, que desde a tradición e as vangardas tanto achegan ás artes escénicas contemporáneas.

**El Chonchón** é unha voz araucana que fai referencia a un candil co que os labregos iluminaban as súas vivendas ou camiños. En 1967 Manuel, Roberto e Miguel Oyarzún adótranse na milenaria arte dos monicreques na cidade de Concepción de Chile. O seu labor profesional iniciase en 1979 fundando o grupo Pirulin Pirulero, hoxe coñecido como El Chonchón.

### Caracterización e Indumentaria.

Alejandra Montemayor e Antoni Martín Domenech.  
SANTIAGO DE COMPOSTELA (Sala Roberto Vidal Bolaño da USC).  
Do 15 ao 26 de xuño · 30 horas · Horario: de 16h30 a 19h30. **20 prazas.**

Este curso ten por obxecto coñecer de forma práctica distintas técnicas e recursos que posibiliten a modificación das características físicas do actor e da actriz no proceso de creación dunha personaxe.

**Alejandra Montemayor Suárez** é titulada superior en Arte Dramática, na especialidade de Escenografía. Máster de Posgrao en Deseño de Iluminación Arquitectónica pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. Iniciou a súa traxectoria artística como fotógrafa, publicando para a editorial Condé Nast. Traballou para diversas compañías como escenógrafa, iluminadora, figurinista e responsable de caracterización. Na actualidade é profesora da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e colaboradora da ETSAM (Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid) como profesora invitada. Codirixe o proxecto *díasdéluz* (deseño e creación de luminarias) e colabora coa compañía Imagina Teatro no deseño do espazo, a indumentaria e a caracterización. Obtivo diversos premios, entre eles o Premio á Mellor Escenografía Sevilla Teatro Joven 2008.

**Toni Martín Domenech** finaliza os seus estudos de Deseño de Moda no ano 1991 (Institut de la Moda, Barcelona), licénciase en Arte Dramática, especialidade Escenografía no 2001 (Institut del Teatre de Barcelona) e cursa estudos de Belas Artes (Universitat de Barcelona). Paralelamente realiza cursos de psicoloxía da cor (Steinerschool, Liep, Bélxica), deseño multimedia (Barcelona) e voz (Royhart Theater, Francia). Membro da Asociación de Escenógrafos de Cataluña. Os seus traballos como figurinista inclúen, entre outros, proxectos en cine, teatro e danza en Europa e América. Membro do Departamento de Vestiario de Televisió de Catalunya (TV3 e Canal 33) de 1997 a 2008. Actualmente combina o seu traballo profesional coa docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

### Interpretación.

Will Keen.  
RIBADAVIA (Casa da Cultura).  
Do 20 ao 24 de xullo · 20 horas · Horario: de 10h00 a 14h00. **20 prazas.**

Traballo con monólogos de obras de Shakespeare debidamente indicados na matriculación do curso. A partir da memorización dun monólogo, sen que a personaxe corresponda necesariamente ao xénero da actriz ou do actor, e da preparación dunha escena cun compañeiro/a, a docencia incidirá nos seguintes bloques de contidos: estruturas (edificio, texto, verso, pensamento e son), o público como personaxe (como dar vida a monólogos e apartes), elocuencia ou imposibilidade de se expresar (de como o pensamento se debe facer máis interesante cá palabra), problema e solución (estado de ánimo do personaxe e represión do mesmo), o outro (a quen nos diriximos cando falamos?) e palabra feita acción (uso da palabra para conseguir modificar ao interlocutor).

**Will Keen** protagonizou nos últimos anos espectáculos nas máis destacadas compañías e nos máis reputados teatros británicos: National Theatre, Shakespeare's Globe Theatre, Royal Court, Almeida Theatre, Donmar Warehouse, Royal Shakespeare Company, Barbican, así como en numerosos teatros do West End londinense e outros importantes escenarios tanto do seu propio país coma de Europa. Estudou literatura inglesa na *Oxford University*, onde se licenciou *summa cum laudem*, especializándose na obra de William Shakespeare. Colaborou con algúns dos directores e dramaturgos máis respectados de Gran Bretaña, como Peter Hall ou Declan Donnellan ou Tom Stoppard. Igualmente, compartiu cartel con actores de gran renome como Helen Mirren ou Jeremy Irons. Tras estudar teatro con Ian McKellen, colaborou con el sucesivamente en diversas producións. Ademais da súa actividade teatral, Keen traballa habitualmente para o cine, a TV e a radio. Tamén posúe unha ampla experiencia docente.

## Verso.

Ernesto Arias.  
SANTIAGO DE COMPOSTELA (Sala Roberto Vidal Bolaño da USC).  
*Do 1 ao 4 de setembro · 20 horas · Horario: de 16h00 a 21h00. 20 prazas.*

Stanislavsky dicía que "a palabra" é o elemento fundamental e de maior influencia no espectador. Da relación do actor/actriz coa "palabra" depende, en gran medida, a calidade da súa actuación. Por iso é fundamental entender o necesario que é para o actor un sólido manexo da "fala escénica". O traballo do verso debe fundamentarse neste manexo; polo tanto despois de realizar un percorrido/estudo sobre os elementos a ter en conta (corpo, respiración, fonética castelá, entoación, elementos expresivos, etc.) explicaranse e analizaranse as diferentes estruturas do verso do Século de Ouro español de maneira que poidan ser utilizadas e entendidas polo actor, non como unha estrutura ríxida que encorseta, senón coma unha fonte de información sobre o seu personaxe, as situacións que vive, as súas emocións, accións, etcétera.

**Ernesto Arias** comeza a súa formación no Instituto das Artes Escénicas do Principado de Asturias, traballa en diversas compañías independentes e trasládase a Madrid en 1992, onde intercala algún traballos de actor ata que, en 1994, se incorpora ao Teatro de la Abadía, dirixido por José Luis Gómez, onde continuará a súa formación teatral con diversos mestres de ámbito nacional e internacional. Dende 2004, ademais de continuar co traballo de actor con diversos directores responsabilízase do cargo de coordinador de formación do Teatro de La Abadía. En 2006 tamén comeza a colaborar de maneira habitual coa compañía Rakata Teatro. Posúe unha ampla experiencia formativa tanto no Teatro de La Abadía como noutras institucións.

## Dirección de actores.

Andrés Lima.  
VIGO (ESAD> Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).  
*Do 7 ao 10 de setembro · 20 horas · Horario: de 16h00 a 21h00. 15 prazas.*

Tratarase de compartir cun grupo de actores e/ou directores a miña maneira de abordar a interpretación dunha escena a través dos personaxes. Compartiremos o que eu chamo "a cualidade" como impulso creativo: un traballo baseado nos verbos, a imaxinación e o sentido común. O número de actores e actrices será 15. Pode caber algún ointe. Cada quen traerá "a súa" escena aprendida para lle meter man (á escena); pódese escoller desde un texto de Shakespeare ata un chiste de Eugenio. Todo vale para facer teatro. Suxiro que os actores se poñan previamente de acordo, vía e-mails, para facer unha escena de 2 ou 3 personaxes.

**Andrés Lima** traballou como actor en cine, televisión e teatro, con directores coma Fernando León, Vicente Aranda, Millos Forman, Imanol Uribe, etcétera. Realizou numerosos cursos e estivo becado para a residencia internacional de escritores emerxentes no *Royal Theatre* de Londres. Director, actor e autor habitual da compañía Animalario, onde ten participado en espectáculos como *Urtain*, *Pornografía barata*, *El fin de los sueños*, *Hamelin*, etcétera.

## Composición coreográfica.

Ion Garnika.  
A CORUÑA (Centro Coreográfico Galego).  
*Do 7 ao 11 de setembro · 20 horas · De 16h30 a 20h30. 20 prazas.*

Curso teórico-práctico sobre composición coreográfica. Nel trataranse os aspectos básicos relacionados coa xeración do movemento polo corpo humano, así coma os aspectos relacionados co espazo e co tempo, e aspectos compositivos. O curso está dirixido tanto aos profesionais da danza, bailaríns e a estudantes de danza, así como a estudantes de teatro.

**Ion Garnika** é licenciado en Coreografía, graduado en danza clásica no Conservatorio profesional de Danza de Barcelona, diplomado como Mestre de Baile e profesor do método de danza académica na Ópera de Fráncfort (Alemaña). Formouse en danza clásica e en danza contemporánea no Conservatorio de Pamplona, con María de Ávila en Zaragoza e na escuela de Maurice Béjart "MUDRA INTERNATIONAL" de Bruxelas. Bailarín solista en diversos ballets europeos, con experiencia docente no Theatre Contemporain de la Danse de París, nos Conservatorios Superiores de Danza de Barcelona e de Valencia e nos Conservatorios Profesionais de Danza de Palma de Mallorca, Zaragoza e Lugo. Profesor invitado na CND de Nacho Duato, Compañía Sol Picó e "Metros" de Ramón Oller, así como na Universidade de Valladolid e na Escola de Arte Dramática de Castela-León. Actualmente é profesor da Escola Profesional de Danza de Valladolid.

## Dramaturxia do silencio, dramaturxia para danza.

Roberto Fratini.  
VIGO (ESAD> Escola Superior de Arte Dramática de Galicia).  
*Do 14 ao 18 de setembro · 20 horas · Horario: de 16h30 a 20h30. 20 prazas.*

Curso destinado a bailaríns, actores ou coreógrafos que estean especialmente interesados en desenvolver estratexias poéticas e dramáticas no ámbito específico da danza, da danza-teatro ou do teatro corpóreo. Ocupándose de dramaturxias "silenciosas" e paradigmáticas (e non, como soe suceder, verbais e sintagmáticas), os encontros guiarán aos alumnos na elaboración e eventual redacción dun proxecto dramático (articulado individualmente ou por grupos) que deixe entrever unha posíbel declinación na práctica dancística a través das distintas fases da proposta de traballo: enfoque temático; estruturación da idea; lay-out provisional do material poético; sintaxe da obra; estratexias de interferencia entre a poética do traballo e a investigación sobre movemento; xestión dos tempos por cortes e remates; administración das redundancias estratéxicas; criterios presentacionais.

**Roberto Fratini Serafide** (Milano, 1972) é profesor de Teoría da Danza na Universidade de Pisa desde 2001, e no Conservatori Superior de Dansa (CSD - IT) de Barcelona desde 2002. Tamén ensinou metodoloxía crítica na Universidade de L'Aquila. Autor de conferencias, artigos, proxectos de investigación e asesoramentos dramáticos en varias entidades de investigación e creación entre Italia, Francia e España. Varios ciclos de *masterclasses* sobre teoría da Danza no CCCB de Barcelona e na Universidade Internacional de Sevilla. Desde o ano 2001 é dramaturgo e autor dos textos para a Caterina Sagna Dance Company (Sorelline, Relation Publique, Heil Tanz, Basso Ostinato, P.O.M.P.E.I.). Premio da SFDA, Gran Premio da Asociación de críticos de danza franceses e Premio Ciudad de Barcelona 2009 para a danza. Tamén colaborou como asesor con varias compañías italianas e españolas. É condutor do programa de radio Ombre Bianche na RTC de Florencia.

## Diccion galega.

Elisa Fernández Rei e Roberto Pascual.  
SANTIAGO DE COMPOSTELA (Sala Roberto Vidal Bolaño da USC).  
*21, 22, 23, 28, 29 e 30 de setembro - Elisa Fernández Rei.*  
*24 e 25 de setembro, 1 e 2 de outubro- Roberto Pascual.*  
*30 horas · Horario: de 16h30 a 19h30. 20 prazas.*

Introdución ás principais características fonéticas do galego: vocalismo e consonantismo. Introdución ás principais características prosódicas do galego: a entoación e os seus significados e funcións. Significados expresivos e paralingüísticos da entoación. Práctica da pronuncia: ferramentas de aprendizaxe e métodos de autoaprendizaxe.

**Elisa Fernández Rei** é doutora en Filoloxía Galega e profesora da USC. Posúe unha ampla experiencia investigadora nos campos da fonética, a fonoloxía, a prosodia, a entoación e as tecnoloxías da fala. Tamén en diversos programas de formación para televisión e dobraxe organizados por empresas como a CRTVG, APRADOGA ou SounDub. Actualmente, forma parte do Atlas Multimedia da Prosodia do Espazo Románico, proxecto de ámbito internacional no que colaboran 30 universidades de todo o mundo. Coordinadora de AMPER-Galicia e membro do comité de dirección do proxecto internacional. É autora de diversas publicacións especializadas nos citados aspectos da lingua oral.

**Roberto Pascual Rodríguez** é licenciado en Filoloxía Galega pola USC, profesor e secretario da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Foi actor da Aula de Teatro da USC e lector de lingua galega na Universidade Complutense de Madrid. Impartiu diversos cursos de lingua galega no Espazo das Linguas Ibéricas e Prehispánicas do Instituto Cervantes e no Centro Galego de Madrid. Crítico teatral e director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, posúe unha ampla nómina de publicacións relacionadas coa arte dramática.